

<b>Asunto:</b>	Suspensión do prazo de resolución
<b>Convocatoria:</b>	Axudas de apoio á etapa predoutoral 2022
<b>Bases da convocatoria:</b>	Orde do 31 de decembro de 2021 (DOG núm. 20, do 31.01.2022)

A Orde do 31 de decembro de 2021 (DOG número 20, do 31 de xaneiro de 2022), conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e convócaas para o exercicio 2022 (códigos de procedemento ED481A e IN606A).

O punto 6 do artigo 14 da Orde do 31 de decembro de 2021 (DOG número 20, do 31 de xaneiro de 2022) establece que:

“A resolución publicarase no prazo máximo de 5 meses desde o inicio do prazo de presentación de solicitudes. A non resolución en prazo faculta as persoas interesadas para entenderen desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Os prazos para a tramitación do procedemento poderán interromperse durante o tempo que medie entre a petición e a recepción dos informes de valoración das epígrafes c) e d) do artigo 11, de conformidade co artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.”

Debido a que o prazo de 5 meses para a resolución está a punto de cumprirse e non se recibiron todos os informes de avaliación, comunicámoslle que se suspende o prazo de resolución do procedemento desde o día seguinte á recepción desta comunicación polas entidades interesadas ata a recepción dos correspondente informes, que se notificará ás entidades interesadas.

O prazo de suspensión non excederá de tres meses, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

